

# V PREMIO FERROLTERRA *emprende*



**Ferrolterra**

Jóvenes Empresarios

**24 NOVEMBRO 2017**



INSTITUTO DE  
EDUCACIÓN SUPERIOR  
INTERCONTINENTAL  
DE LA EMPRESA



Galicia  
Jóvenes Empresarios



## PRESENTACIÓN

### V EDICIÓN PREMIOS FERROLTERRA EMPRENDE

A Asociación de Xoves Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal nace no ano 2003 a iniciativa dun grupo de empresarios que se unen non só para representar e defender os intereses profesionais dos seus membros senón tamén, para promover e fomentar a cultura empresarial e emprendedora da Comarca, coa finalidade de estimular o autoemprego e contribuír dalgún xeito a mellorar a situación económica e industrial actual.

Dende esta posición privilexiada de contacto continuo e acercamento cos empresarios e emprendedores da comarca, AJE Ferrolterra vai organizar a **V Edición Premios Ferrolterra Emprende** co obxecto de recoñecer e premiar a labor dos empresarios que co seu esforzo contribúen a xerar riqueza e xerar emprego na sociedade e, por outra banda, servir de apoio e referencia aos novos empresarios que comezan a súa andaina empresarial.

Os premiados de esta edición, como en edicións pasadas, beneficiaranse da posibilidade de optar ao Premio Xove Empresario de Galicia que se organiza de maneira anual pola Federación Galega de Xoves Empresarios (FEGAXE).

Este evento terá lugar o **24 de novembro** na Fundación Exponav sita no Cantón de Molíns.

Ademais consideramos que é unha oportunidade de comunicación e conexión na traxectoria de todos os nosos asociados, por elo cremos moi valioso contar coa vosa presenza para intercambiar intereses e inquietudes que é realmente o verdadeiro obxecto de AJE Ferrolterra.





## BASES DO CONCURSO

### V EDICIÓN PREMIOS FERROLTERRA EMPRENDE

#### Primeira: Requisitos dos/as candidatos/as

Poderán ser candidatos/as a participar no Premio todas as empresas radicadas nas Comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, tanto persoas físicas como xurídicas, sempre e cando os empresarios/as ou directivos/as da empresa non superen os 41 anos de idade.

Non poderán presentarse como candidatos/as ao Premio os actuais directivos/as da Asociación.

#### Segunda: Premio

Nesta edición o Premios Ferrolterra Emprende 2017 comprende dúas categorías e catro accésit:

- **Premio Joven Empresario/a 2017:** Empresario/a que leve constituído máis de 3 anos, en calquera das súas formas xurídicas. A dotación dos Premios é de 3.200€ en formación por cortesía de IESIDE, Escola de negocios AFUNDACIÓN.
- **Premio Joven Emprendedor/a 2017:** Empresario/a ou emprendedor/a que leve constituído, en calquera das súas formas xurídicas, menos ou igual a 3 anos y cunha facturación inferior a 1 millón de euros. A dotación do Premios Joven Emprendedor/a 2017 é de 1.000€ por cortesía do IGAPE.
- **Accésit á creación de emprego.** Dotación: formación de IESIDE.
- **Accésit á RSE e conciliación laboral.** Dotación: formación de IESIDE.
- **Accésit á innovación.** Dotación: formación de IESIDE.
- **Accésit as novas tecnoloxías.** Dotación: 1 ano de publicidade gratuíta en Ferrol 360.





### Terceira: **Ámbito territorial**

As empresas candidatas deberán ter establecemento mercantil nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

### Cuarta: **Procedemento do concurso**

Unha vez finalizado o prazo de presentación das candidaturas os membros do xurado elixirán nunha reunión para tal efecto aos/as gañadores/as de esta edición agás o accésit ás novas tecnoloxías que será elixido polo público nun concurso que se convocará a partir de que se abra o prazo de presentar as candidaturas nas redes sociais.

No caso de existir un número elevado de candidaturas a Asociación resérvase o dereito de realizar unha preselección dos proxectos.

### Quinta: **Criterios de valoración**

O xurado conta coa total liberdade de criterio para a concesión do Premio, tendo en conta os seguintes criterios:

Creación de emprego estable/ Innovación do proxecto/ Grao de proxección Provincial, Autonómica, Nacional ou Internacional da empresa/ RSE/ Conciliación laboral e familiar, respecto polo Medio Ambiente, Políticas e Igualdade de Xénero.../ Grao de implicación no asociacionismo empresarial/ Volume da inversión realizada/ Incremento de volume de mercado.

**Accésit creación emprego:** valorarase a creación de postos de traballo en relación ao tamaño e ao sector da empresa, tendo en conta a estabilidade dos postos ou a inserción laboral de colectivos máis desfavorecidos.

**Accésit RSE e conciliación laboral:** Valorarase a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a responsabilidade social da empresa.

**Accésit á innovación:** valorarase a creatividade da idea de negocio. Recoñecer unha idea novedosa que supoña una mellora na competitividade empresarial ou na sociedade en xeral.

**Accésit as novas tecnoloxías:** será elixido polo público nas redes sociais.





## Sexta: Xurado

O Xurado que emitirá o fallo estará composto por diversas personalidades do mundo empresarial, financeiro e institucional que se irán actualizando a medida que a organización confirme ditos servizos.

As decisións do Xurado serán inapelables e adoptaranse por maioría simple. No caso de empate decidirá o voto de calidade o Presidente/a do Xurado.

## Sétima: Documentación

A documentación a presentar será a seguinte:

- a) Modelo normalizado de presentación de candidaturas asinado e selado que poderán recoller na sede da Asociación ou na web dos Premios.
- b) Memoria descritiva do proxecto empresarial.
- c) Documentación creativa.
- d) Declaración xurada da veracidade dos datos facilitada por AJE Ferrolterra.
- e) Logotipo para a difusión dos candidatos/as en web, redes, prensa e o día do evento.
- f) Fotografía para redes sociais para o accésit ás novas tecnoloxías.

A presentación desta documentación non exclúe posteriores comprobacións de documentos acreditativos que puidera levar a cabo o comité organizador para a verificación de datos.

As empresas participantes poderán achegar toda a documentación que consideren oportuna para a correcta avaliación do seu proxecto.

AJE Ferrolterra resérvase o dereito de reclamar toda a documentación referida ou que estime oportuna para facilitar a realización da elección das empresas finalistas.

## Oitava: Prazo e lugar de presentación de candidaturas

O prazo para a entrega da documentación será ata o día 17 de novembro do 2017, na sede da asociación ou por correo electrónico a [info@ajeferrolterra.org](mailto:info@ajeferrolterra.org)





### **Novena: Acto de entrega**

Os galardóns entregaranse nunha gala con motivo do **V Premio Ferrolterra Emprende** que terá lugar o venres 24 de novembro ás 19:30 h na Fundación Exponav sita en Cantón de Molíns de Ferrol.

### **Décima: Confidencialidade do xurado**

A documentación facilitada polos participantes estará a disposición exclusivamente para o estudo por parte do xurado e será confidencial, reservándose a Asociación o dereito a facer uso dos nomes dos participantes, imaxe corporativa e material gráfico en relación á promoción do Premio.

Os datos obtidos, co consentimento expreso do interesado, serán utilizados única e exclusivamente para o bo fin dos presentes **V Premios Ferrolterra Emprende**.

O interesado/a pode exercer os dereitos de acceso, oposición, rectificación e cancelación en termos previstos pola Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal mediante carta a Cantón de Molíns 8-9 Entrechán axuntando a fotocopia do D.N.I.



